

Plantilla memoria resumen modificaciones de  
**GRAO EN PUBLICIDADE E RELACIÓNS PÚBLICAS**  
para presentar coa declaración de intese

UniversidadeVigo

Número total de páxinas (aproximado): 3 páxinas

## RESUMO DAS MODIFICACIÓNS A REALIZAR NO TÍTULO

### 1 Descrición Xeral (breve resumo de tódolos cambios).

Os cambios que se porán en marcha resúmense a continuación segundo o aprobado na Comisión Redactora do 22 de febreiro de 2022:

- a. Manter a estrutura do título igual, é dicir, 6 créditos por materia e o traballo de fin de grao en 12 créditos.
- b. Manter o centro de impartición, coa matización do cambio de nome que, en paralelo, tramite a Facultade trala recente creación da nova Facultade de Dirección e Xestión Pública, á que se adscribe o Grao en Dirección e Xestión Pública.
- c. Manter o tipo de ensinanza, presencial e cun máximo de 100 alumnos/as por curso.
- d. Suprimir os seminarios profesionalizantes de cuarto curso.
- e. De acordo co anterior, facer obrigatoria a materia de prácticas.
- f. Revisar e actualizar os contidos e competencias das materias e módulos.
- g. Matizar os requisitos de admisión, valorando priorizar o acceso desde determinados bacharelatos e limitando os ciclos superiores de formación profesional desde os que acceder ao Grao.
- h. En relación co recoñecemento de créditos, incluír a valoración da actividade profesional.
- i. Incluír e concretar o recoñecemento de créditos por actividade profesional e por titulación en determinados ciclos de formación profesional.
- j. En relación coas metodoloxías docentes: suprimir os seminarios dentro das prácticas de cada materia e actualizar, con carácter xeral, as metodoloxías.
- k. Actualizar o sistema de avaliación.

### 2 Xustificación, adecuación da proposta e procedementos.

Os cambios que se pretenden acometer no título de Grao responden as necesidades do mercado (ver memoria de modificación do título) e á experiencia recollida nas últimas décadas, sempre de acordo coa realidade do sector e atendendo asa súas demandas.

O procedemento posto en marcha para acometer estes cambios constas de tres elementos fundamentais que seguen o realizado noutras tramitacións similares anteriores:

1. Traballo da Comisión Redactora: composta por representantes do centro con experiencia que debaterán tódalas propostas plantexadas.
2. Consultas externas: contactos con representantes dos distintos sectores e entidades para recoller o seu punto de vista sobre as necesidades formativas dos estudantes.
3. Consultas internas: escoita continua dos distintos colectivos do centro para ter en conta as súas opinións e puntos de vista.

### 3 Planificación de implantación (cronograma).

Segundo o aprobado pola Comisión Redactora o 22 de febreiro de 2022, a implantación do novo plano farase de xeito progresivo curso a curso, seguindo o seguinte cronograma:

Curso	Ano académico
1º	2023-2024
2º	2024-2025
3º	2025-2026
4º	2026-2027

### 4 Procedemento de adaptación. (Descrición)

Elaborarase unha **táboa de adaptación** que permita que os estudantes poidan seguir cursando os seus estudos no plan de 2008 con garantías de contar con posibilidades de seguimento do título.

### 5 Ensinanzas que se extinguen. (Estudo – Centro)

Grao en Publicidade e Relacións Públicas (Plano 2008)

### 6 Responsable do título.

Emma Torres-Romay (Decana)